



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical Telefónica – A Coruña
Teléfono 981183969 – Fax 981183679
Email coruna@cigtelefonica.com
www.cigtelefonica.com

Pleno do Comité Nº 2 - 6 de maio de 2011

Comeza o Pleno confirmando a delegación de funcións feita polo presidente noutro compañeiro ao non poder estar presente.

1.- Actas: Apróbase por unanimidade a acta 1 coa modificación proposta por CGT.

2.- Comisións: Este mes haberá xuntanza do Comité Provincial de Seguridade e Saúde. A Comisión de Formación aínda non ten data para reunirse e hai prevista unha Comisión de Xestión para o 20 de maio cos seguintes temas a tratar:

- Cambios en Comercial Autónomos.
- Modificacións substanciais nas condicións de traballo (gardas) do CGA de Riazor.
- Quendas de I+M.

Podedes consultar na nosa web os informes dos CPSS e as Comisións de Xestión

3.- Escritos: Mandáronse os que estaban pendentes, un deles solicitando a Comisión de Xestión citada anteriormente e outro no que se lle pide a RRHH que todas as forzas sindicais con representación no Comité poidan estar presentes nas Comisións de Xestión.

4.- Varios: Despois de que na Comisión Permanente se falara sobre as actas 38 e 39, do anterior período, que quedaron sen aprobar; barállanse distintas opcións e acórdase que se axuntarán ao resto de actas aprobadas pero como borradores, facendo constar que non recibiron ningunha proposta de modificación durante a vixencia do anterior Comité.

Dende a CIG preguntamos pola denuncia feita na Inspección de Traballo do tema do CNAI (OTPI que están a facer función de Técnicos), o presidente do Comité responde que aínda non hai data para a cita coa Inspección pero houbo varios contactos co organismo polo que non debería demorarse.